



O FARELO

Nº8

Agosto de 2017

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Castro
Caldelas
Medieval, en
agosto



Páxina III

Becerro do
Xurés ao
espeto en
Muiños



Páxina IV

Feira da
Rosca e Túnel
do Viño en
Sober



Páxina X

Inversión de
máis dun millón
na Catedral de
Mondoñedo



Páxina XI

Festa do
Viño do
Condado do
Tea



Páxinas XXII e XXIII

XX Viñetas desde o Atlántico

Páxina V



Ven; é Lugo



Concello de Lugo



fb.com/LugoTurismo



@lugoturismo

www.lugo.gal



Miscelanea

CONTOS DE VERAN

Por Ramón Coira Luaces

Bar Antía

Ramiro era de familia labrega pobre, estudara maxisterio con becas e fixérase garda civil. El contaba con acabar como policía autonómico e apoiou a un sindicalista do corpo que buscaba a plena democratización do mesmo e a mellora colectiva da súa situación. Porén os cálculos saíronlle mal e acabou destinado ao País Vasco nunha época na que ETA e o seu entorno estaban moi activos. Sabía o que lle agardaba alí, dun lado e do outro, e non quería ir; estaba agobiado, porén non vía alternativa...

Até que un día, estando na Pobra cuns días libres, falou con Ana, unha ex-noiva súa, profesora no instituto de Be-

cerreá, que tamén pasaba na vila boa parte das súas vacacións, e enterouse de que a parella que levaba o bar Merlín buscaba traspasalo, porque o negocio non daba moitos cartos e saíralles algo mellor en Monforte. Ramiro viu o ceo e ese mesmo día falou con eles. Fora cousa de maxia e como tal o viviu. Atopou solución á cuestión económica, pedindo un préstamo, presentou a renuncia e pasou a rexentar o bar Antía, fuxindo así do traslado e do acoso psicolóxico que o anulaba como persoa (demócrata de esquerdas) e, especialmente, como galego. Todo saíu ben e el recobrou rapidamente a súa felicidade.

Ana pasaba con frecuencia por alí,

pois en realidade seguíanse gustando: fora a distancia e unha infidelidade a que os separara; porén aquel verán retomaron a súa relación con ímpetu renovado. Ramiro estaba interesado na Historia de Galiza, da que apenas sabía catro vaguedades e, cando non había xente no bar, Ana dáballes unhas clases informais. Ao cabo duns días -e a requerimentos del- faláron tamén de Arte e Literatura Galegas, pois el quería saber máis da cultura galega -que apenas estudara superficialmente- e ela entendía de todo, máis polo seu esforzo e interés persoal que polos estudos oficiais. Os domingos pola mañá, Ramiro pechaba o bar e ían de paseo en bicicleta polos arredores, bañándose ás veces no río e gozando do esplendor natural da zona. Ramiro -como Ulises- fixera unha longa viaxe e sentía que chegara de novo a súa Ítaca. Esta vez

para ficar nela. E, aínda que seguiría sentindo ese bafo opresor, polo menos era un tipo feliz.

Chegou o día do aniversario de Elvira e Ramiro pechou o bar e levouna a ver unha manda de cabalos salvaxes. Fixeron bastantes kilómetros en coche e, xa na Serra da Cova da Serpe, percorreron uns poucos máis até dar con eles. Pastaban pracidamente no monte, entre toxos, xestas e uces; e o macho dominante non tiña as patas trabadas con ningunha pexa. Achegáronse pasiño a pasiño e, cando xa levaban uns vinte pasos dados, os cabalos afastáronse unha distancia similar. Ramiro colleu un feixe de herba e, amosándollela, seguiron avanzando cara eles pouco a pouco. E os cabalos volvéronse afastar. Elvira sorría. Entón, Ramiro botou a correr cara os cabalos e estes, asustados, fuxiron ao galope polo monte, ceibes coma o vento.

CARICATURAS DE TRUMP



Por Jorge Alberto Restrepo



Por Félix



Por Marilena Nardi

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS BASCO: Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).
Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Castro Caldelas Medieval, en agosto

O Concello de Castro Caldelas presentou no castelo da Casa de Alba, o programa denominado “Castro Caldelas Medieval, non corazón da Ribeira Sacra”. No acto participou parte do elenco de actores que farán unha demostración dos espectáculos que se desenvolverán durante o mes de agosto.

Asistiron á presentación a alcaldesa, Sara Inés Vega Núñez, xunto coa produtora de espectáculos Kepler T&T, encargada da animación, que realizaron unha demostración da programación de agosto. “Interésanos a interacción directa e rápida co público”, sinalou María Torres, directora da compañía Kepler T&T. “Tratamos de dinamizar esas activi-

dades dentro dun ámbito cultural e de lecer”. É o primeiro ano que leva a cabo esta idea, “polo menos de forma continuada, aínda que xa se fixo algo algunha vez deste estilo”, dixo Torres. A organización corre a cargo do Concello, e son dúas as empresas encargadas da realización: Kepler T&T, en animación, e Spartana Control Service, na parte de cetrería e espadas.

Este programa conta con diversos espectáculos todos os fins de semana deste mes nos que destacan exhibicións de espadas e de cetrería, da queimada, animacións de rúa con teatralizacións, zancudos e xigantes, cea medieval e percusión. Cada sábado e domingo desde as 18.00



Os actos celebraránse no castelo e nas rúas.

ata as 20.45 horas haberá animacións de rúa, demostracións de espadas, cetrería, e cada sábado aos 23.30 espectáculos de queimada con accións de lume e axusti-

zamento popular. O día 26 unha cea medieval como peche da tempada; o día 2 ás 19.15, un show de Fakir, e as 22.00 desfiles con todas as animacións.




Adegueiro Jorge Feijoo González
Teléfonos: 606 807 897 - 606 047 502
Abeleda - A Teixeira (Ourense)
adegavella@terra.com



Teléfono 988 38 02 82

A Derrasa. Pereiro de Aguiar. Ourense



A CASA DA MARISA

cafetería- tapería
especialidade
en cordeiro

reservas
691 57 64 62

Abeleda. A Teixeira

Castro Caldelas MEDIEVAL

No corazón da Ribeira Sacra

Sábados e Domingos
Agosto 2017

Cetrería
Espadas
Pasarrúas
Espectáculos
Artesanos

Cenas Medievais no Castelo con Espectáculo
Reservas en: cenacastrocaldelas@gmail.com

Organiza: Concello de Castro Caldelas

Colabora: Deputación Ourense

Kepler T&T Producción y Animación

Spartana Control Service

Galicia

Redacción OURENSE

Becerro do Xurés ao espeto en Muíños

O día 5 de agosto no polideportivo municipal de Mugueimes (Muíños) celebrarase unha gran comida popular co “becerro de Xurés ao espeto” como protagonista. O “galo pica no chan” xa non será como ata agora o protagonista da festa gastronómica pero non desaparecerá do menú; os asistentes poderán consumilo, iso sí, en forma de empanada no canto de guisado e en terrina como era xa típico. “Levabamos dous anos pensando que quizais o prato estaba

xa algo desgastado”, explicaba o alcalde, Plácido Álvarez Dobaño, “e non é precisamente o favorito da mocidade, por iso decidimos buscar unha alternativa”. Eses serían pois os motivos principais para destronar ao rei do curral, así que despois de achegar ideas e recibir suxestións escolleron “outro produto típico da nosa terra, a tenreira loura galega”, relata Álvarez Dobaño. Segundo indicou o rexedor, dous animais de 160 e 150 quilos están xa reservados e o equipo de asadores, fichado:



Degustación do galo pica no chan.

“Vimolos traballar noutro punto de Galicia e gustounos moito o seu bo facer”; recoñece.

O programa desta festa gastronómica na que tamén se poderán degustar como prostre as “sopas de burro canso” completarase cunha nova edición do Muíños Dance, xa a novena, na praia fluvial do Corgo, a segunda edición do “Campeonato galego de carrilanas” e a “Expo-Raia de Artesanía” con 40 postos na rúa Xoaquín Lorenzo “Xocas” de Mugueimes. “Tamén haberá actividades para os máis pequenos como inchables e xogos populares, o obxectivo é conseguir un día no que se poida divertir todo o mundo”, resume Dobaño.

Accesos e atractivos

O concello de Muíños está situado ao sur da provincia de Ourense, no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés que, unido recentemente ao veciño Parque Nacional portugués da Peneda Gêres, conforma un dos espazos naturais mellor conservados de Europa Occidental.

Desde Ourense o acceso máis rápido e cómodo realízase pola Autovía AG-31 ata Celanova e desde alí pola estrada N-540 Lugo-Portugal (Estrada de Celanova), cun trazado recentemente modificado e renovado desde Bande. Desde a meseta, por medio da estrada N-525 Santiago-Zamora. En Xinzo de Limia existe a posibilidade de coller a estrada comarcal de Xinzo a Ponte Liñares, desde onde outra estrada local condúcenos a Mugueimes (capitalidade de Muíños). Tamén desde Xinzo de Limia podese acceder ao Val do Salas a través da estrada comarcal que conduce a Baltar e a Calvos de Randín, para desde aquí tomar outra estrada local que leva a Maus de Salas, Guntumil e Requiás. Desde Portugal existen tres fronteiras de acceso. A Magdalena, que desde Ponte da Barca continúa por medio da N-540. A de Portela do Home, que comunica con Lobios. Finalmente, a da Ameixoeira, que une a vila portuguesa de Castro Leboeiro con Entrimo. Tamén se pode acceder desde o pobo portugués,

Tourem, polo Toubreiro e Guntumil.

O municipio conta cunha área recreativa en Maus de Salas e outra no Parque Natural de Outeiro de Cela situado no encoro das Conchas, que conta cunha superficie de 26 hectáreas; ten dúas praias fluviais, merenderos, bar e outros servizos ademais de



Plácido Álvarez Dobaño, alcalde de Muíños.

efectuarse nunha importante repoboación, coa plantación de máis de 30.000 árbores de 60 especies diferentes. Neste lugar hai un camping con capacidade para 300 persoas, ademais 6 bungalows e un albergue “O Corgo” para colectivos de 106 prazas, en dormitorios de 30, 20, 15, 10, 6 e 4 prazas, cociña con comedor panorámico sobre o encoro preparado para a práctica de diferentes actividades deportivas. Unha residencia - albergue “A Rola” para familias e grupos reducidos en habitacións de 6 prazas con baño, restaurante - cafetería con terrazas abertas e un edificio Sociojuvenil como centro xestor do Complexo. Á beira destas instalacións unha fermosa praia fluvial aproveitando o encoro das Conchas. Peirao con embarcadiro flotante, hangar para embarcacións, e servizo de aluguer de embarcacións, remo, barco móbil e piraguas, barcos de axuda e socorrismo, chalecos etc. Salgas multidisciplinares cubertas, servizo de monitores de tempo libre, sendeirismo, camiñadas, deportes e tamén excursións organizadas (rutas de sendeirismo). Tamén hai que facer mención a outras dúas praias non menos importantes no mesmo encoro, Touza da Rola e Illa de Pazos.

Muíños en Festas

5 de agosto de 2017

festa do galo
pica no chan e
do becerro do Xurés ao espeto

festas das sopas
do burro canso

PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

11:00 h. Apertura da “Expo-Raia de Artesanía” Rúa Xoaquín Lorenzo “Xocas” - Mugueimes Actuación das Charangas “Achicoria” “Charanga XL” e “Charanga Fuego”	17:00 h. CAMPEONATO GALEGO de Carrilanas. Competición 2ª Edición Estrada de Mugueimes - Porquerois.
11:30 h. Xogos Populares Infantís Finca anexo a Casa do Concello Carril de fútbol, xogos de cancha, chana, cocas e outros.	19:30 h. Exposición de Carrilanas Praza do Concello
11:30 h. Baixada de Carrilanas Tradicionais Estrada de Mugueimes - Porquerois	20:00 h. Degustación das Sopas de Burro Canso e Torradas de Viño e de Leite Praza do Concello. Entrega de Premios Actuación das Charangas “Achicoria” “Charanga XL” e “Charanga Fuego”
12:30 h. CAMPEONATO GALEGO de Carrilanas 2ª Edición Estrada de Mugueimes - Porquerois. (Entremomento)	21:00 h. 9ª Edición Muíños Dance Complexo Turístico “O Corgo” Contaremos coa presenza de Luis López, Galicia Army, Anxo e a Escudería Valdegoz Racing
13:30 h. Xantar do Galo pica no chan e do becerro do Xurés ao espeto Pavillón Polideportivo Inclúe: Empanada de galo pica no chan, becerro do Xurés ao espeto, pan e bica de Muíños. Actuación das Charangas “Achicoria” “Charanga XL” e “Charanga Fuego” Prezo por persoa: 10€	E PARA OS MÁIS CURIOSOS: Inchables tradicionais e acrobacias, en horario de mañá e tarde

ORGANIZA: **comarca de muíños**

COLABORAN: **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE** e **inorde**

O Salón Internacional do Cómic da Coruña, Viñetas desde o Atlántico, incidirá na súa vixésima edición no carácter pedagóxico e divulgativo da cita en relación á banda deseñada. Por vez primeira o evento, promovido pola Concellería de Culturas, Deporte e Coñecemento, promoverá un percorrido especial arredor das distintas salas de exhibicións do Festival, co obxectivo de achegar o cómic a todos os públicos, en especial as máis novas e novos. Así, o folleto informativo desta edición -que se celebrará entre os días 7 e 13 de agosto- incluírá un apartado especial deseñado para reunir o selo da visita a seis das exposicións do Salón, e as primeiras 500 persoas que se achen até a Rúa da BD co documento selado na súa totalidade, recibirán o catálogo conmemorativo deste 2017, ano no que Viñetas cumpre o seu 20 aniversario.

O Concello da Coruña editará 5.000 exemplares deste folleto informativo, que inclúe información sobre as exposicións deste ano e as súas localizacións, así

Viñetas desde o Atlántico chega a súa vixésima edición

As primeiras 500 persoas que visiten seis das exhibicións da cita e selen o folleto informativo, do que se editarán 5.000 exemplares, recibirán o libro conmemorativo deste Salón Internacional do Cómic

como as conferencias e mesas redondas ou as sinaturas e actividades da Rúa da BD, que un ano máis se situará nos xardíns de Méndez Núñez. O documento conterá, como novidade, un apartado especial con seis espazos nos que a veciñanza poderá certificar, coa axuda do persoal das salas, a súa visita a seis das sedes desta edición de Viñetas: o Kiosco Alfonso, o Pazo Municipal de María Pita, a Sala Municipal de Exposicións Palexco, a Casa de Cultura Salvador de Madariaga, a Sala AFundación e a Fundación Barrié; espazos nos que, precisamente, este folleto estará á disposición do público.

Deste xeito, tras cada visita, o persoal das salas de exhibición selará o documento de man ás



persoas que así o desexen. Unha vez estea completo o documento acreditativo, a cidadanía poderá achegarse até as casetas de Información da Rúa da BD. Para esta iniciativa, o Concello dispón

de 500 exemplares que se repartirán entre as primeiras 500 persoas que entreguen o folleto cos selos dos espazos anteriormente citados.

Viñetas desde o Atlántico con-

tará, nesta edición, con sete sedes expositivas. Así, o Pazo de María Pita acollerá unha mostra coa obra do último Premio Nacional de Cómic, Pablo Auladell; o Kiosco Alfonso, a obra de Eduardo Risso, Ralph Meyer, Kiko Da Silva, Cameron Stewart e Julie Rocheleau; a Sala Municipal de Exposicións Palexco, o traballo de Bruno Chevrier (Nob), Rayco Pulido, Dave McKean e Natacha Bustos; a Casa da Cultura Salvador de Madariaga a proposta Da novela ao cómic, de Javi Rey e Ernest Sala, e o Fóra de Mapa de Emilio Fonseca, premio Castelao 2016; e a Torre de Hércules mostrará todos os carteis das distintas edicións de Viñetas desde o Atlántico. Ao circuíto de equipamentos municipais este ano súmanse dous espazos expositivos. Así, a Fundación Barrié acollerá Dez anos de Premio Nacional de Cómic, unha mostra pioneira na que a cidadanía poderá achegarse á obra dos últimos dez galardoados con este recoñecemento, entre os que se atopa Miguelanxo Prado, director do Salón; e Sala AFundación será a sede da mostra A banda deseñada galega nos vinte anos de Viñetas.

A Casa das Ciencias presenta a exposición 'A astronomía como cha contan'

A mostra, elaborada de forma case total por persoal dos museos coruñeses e cun alto grado de interactividade, céntrase no papel dos medios de comunicación e as redes sociais na divulgación dos avances en astronomía e exploración espacial


Podese ver na Casa das Ciencias a exposición 'A astronomía como cha contan', unha mostra sobre astronomía e exploración espacial vista a través dos medios de comunicación e as redes sociais.

A mostra céntranse na astronomía e a exploración espacial, a través de módulos expositivos distribuídos en seis grandes ámbitos que cobren, respectivamente, a exploración do Sistema Solar, os confins do universo, o descubrimento de planetas extrasolares, a contaminación lumínica, a vida dos e das astronautas e a importancia dos satélites que observan a Terra, a través de obxectos, elementos interactivos, audiovisuais, paneis gráficos e exemplos de noticias procedentes de medios de

comunicación e redes sociais analizadas desde unha perspectiva crítica. Como todas as exposicións da Casa das Ciencias, 'A astronomía como cha contan' incorpora elementos interactivos que ofrecen unha perspectiva lúdica e participativa dos contidos. Trátase de elementos orixinais desenvolvidos polo equipo de produción dos Museos Científicos Coruñeses. Entre eles destacan unha pista de baile que reacciona con luz e son ao impacto de raios cósmicos, un fotomatón no que é posible facerse fotografías en luz infravermella ou un dispositivo que debuxa paisaxes a medida que imos modelando un terreo coas mans. Na presentación da exposición, Marcos Pérez Maldonado, director técnico da Casa das

Ciencias, destacou e agradeceu a colaboración con outras entidades para facer posible este evento, así como aos e ás traballadoras de todos os Museos Científicos e os e as colaboradas externas. "Esta exposición é o elemento diferencial da Casa das Ciencias dentro dunha oferta lúdica moi asequible, é un espazo de reflexión crítica sobre o contexto social, económico e comunicativo, e o que fai é aplicar o discurso dos Museos Científicos coruñeses, buscando a interdisciplinidade, na que a ciencia aparece non como unha cousa extraordinaria e allea á sociedade e a cultura, e igualmente a interactividade", manifestou.

Para o desenvolvemento da exposición -que conta con financiamento a través da convocato-



ria de axudas para o fomento da cultura científica, tecnolóxica e da innovación 2015, promovidas pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT)-Ministerio de Economía y Competitividad-, solicitaronse pezas singulares a diversas institucións científicas. Entre elas a placa dun satélite deseñado e lanzado ao espazo pola Universidade de Vigo, as tripas dun sensor de contaminación lumínica cedido pola Universidade de Santiago, un fósil de hadrosaurio procedente

do Museu della Conca Dellá (Lleida) datado en 65 millóns de anos, unha condrita carbonácea, meteorito coa mesma composición que o asteroide contribuíu á extinción dos dinosauros, un fragmento dos paneis solares que se retiraron do telescopio espacial Hubble cedido pola Axencia Espacial Europea ou unha peza da sonda Lúa 8, lanzada en 1965 polos soviéticos, que acabou caendo no sur de España e está depositado no Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.

Galicia

Redacción

Alcaldes e representantes dos gobernos locais dos concellos de Arzúa, Carballo, Culleredo, Melide, Noia e Pontearreas reuníronse na Deputación da Coruña coa vicepresidenta e responsábel da área de Cultura, Goretti Sanmartín para estudar a situación dos conservatorios de música profesionais municipais. Na xuntanza decidiron solicitar unha mesa de negociación coa Xunta de Galicia co obxectivo que esta asuma o seu financiamento.

Os alcaldes de Culleredo, Arzúa e Noia, Julio Sacristán, José Luis García López e José Santiago Freire Abeijón, a alcaldesa de Melide, Dalia García Couso, a tenente alcalde de Carballo, Milagros Lantes e as concelleiras de Pontearreas Cristina Fernández Davila e Hortensia Bautista reuníronse esta mañá coa vicepresidenta e responsábel da área de Cultura da Deputación da Coruña co tema único de abordar a situación dos conservatorios de música municipais onde se imparten ensinanzas profesionais que existen en 20 concellos galegos.

Na xuntanza acordouse iniciar os contactos coas catro deputacións para abrir unha canle de comunicación de cara a solicitar formalmente da Xunta unha reunión de traballo co fin de iniciar

Varios Concellos piden unha mesa de negociación coa Xunta para que asuma o financiamento dos conservatorios municipais



o proceso de integración dos conservatorios profesionais de música nunha rede de centros financiados desde a administración galega, dado que, segundo destacaron, é quen ten a competencias en materia de formación. Os conservatorios exceden, como fixeron ver, as posibilidades de financiamento dos propios concellos e as familias padecen, ademais, un agravio comparativo discriminatorio con respecto ao alumnado dos conservatorios de-

pendentes da Consellaría de Cultura, Educación e Orientación Universitaria.

Reclaman, por tanto, que a Xunta asuma as competencias sobre os Conservatorios cunha planificación razoable para executar a súa transferencia. No transcurso da reunión, a que tamén asistiron directores de conservatorios, tomouse a decisión de que participarían representantes dos concellos, das catro deputacións para solicitar

da Xunta unha reunión de traballo conxunta para abordar este proceso.

Os concellos lembran que non teñen competencia propia sobre as ensinanzas musicais regradas, e que, coa normativa vixente, queda claro que é a Xunta quen ten que exercer para regular e proporcionar formación artística regrada ao conxunto da poboación sen ningún tipo de discriminación por razón de residencia. Que vinte concellos teñan a titu-

laridade de conservatorios de música e continúen realizando un esforzo xigantesco para os manter responde só, como fixeron ver, á necesidade de ofrecer a súa veciñanza unha formación musical de que a administración galega só se encarga directamente nas sete cidades. Neste sentido, son entidades locais de tamaño medio como as que participaron na xuntanza da Deputación da Coruña, con inferior capacidade económica que os concellos de maior poboación, as que asumen a xestión destes centros educativos ao ficaren á marxe da rede da administración competente.

Por todo isto, representantes dos concellos reunidos defenderon a necesidade de iniciar o proceso para garantir a continuidade destes centros, que ofrecen o seu servizo a un número moi considerábel de estudantes. Para garantir a viabilidade económica que asegure o seu futuro, solicitan que se abra unha mesa de negociación a este respecto e que se poña enriba da mesa a transferencia dos conservatorios municipais e a futura integración nunha rede de centros a nivel galego e que se establezan prioridades e medidas a curta prazo para dar resposta á importante demanda cidadá deste tipo de estudo.

Monográfico especial da revista Tempo exterior sobre a Comunidade de Países de Lingua Portuguesa

A revista Tempo exterior, dirixida por Xulio Ríos, ofrece no seu Nº 34, período Xaneiro-Xuño de 2017, un monográfico especial sobre a realidade da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), aproveitando a recente inclusión do Consello da Cultura Galega (novembro de 2016) e da Academia Galega da Lingua Portuguesa (xullo de 2017), ámbolos dous como observadores consultivos deste organismo creado en 1996.

Co obxectivo de contribuír a unha reflexión sobre o momento que vive a CPLP e as potencialidades que se abren para Galicia neste ámbito xeopolítico da lusofonía, este monográfico especial atende tamén á necesidade de comprender a utilidade do factor lingüístico e cultural como expresión chave da acción exterior galega. Inclúe así a expertos nesta

materia provenientes de países vinculados coa lusofonía como Portugal, Brasil e Indonesia, os cales fan as súas achegas nos idiomas portugués e inglés.

Discorren así as reflexións sobre a CPLP dentro do concerto global (artigo de Cláudia Toriz Ramos), contextualizando a súa relevancia como espazo xeopolítico. Nese apartado, obsérvase a importancia estratéxica que mantén Portugal con este organismo (Isabel Costa Leite), e como a CPLP eríxese como unha expresión chave nas relacións entre África e a Unión Europea (Fernando Jorge Cardoso). Pero o seu radio de extensión abrangue tamén o mundo dos PALOP's, con particular atención por parte da cooperación brasileira, especialmente na difusión da seguridade alimentaria e o desenvolvemento rural (Mariana Santarelli e Melissa Pomeroy)

Complementan este monográfico as análises sobre o significado económico da CPLP (Michelle Lins de Moraes), a preocupación polo factor social dentro da súa axenda (Denyse Moreira Guedes), unha oportuna reflexión e caracterización sobre os dereitos humanos dentro deste organismo (João Casqueira Cardoso) e finalmente as oportunidades de cooperación na xestión e prevención dos riscos de desastres naturais e humanitarios dentro dos seus países membro (Muhibuddin Usamah).

Este monográfico especial cumpre co propósito de achegar contidos relevantes que permitan construír lazos de cooperación e de relación entre Galicia e a CPLP, hoxe fortalecidos coa presenza do Consello da Cultura Galega e da Academia Galega da Lingua Portuguesa como observadores consultivos.



Exposición "Alén dos Xéneros" ata novembro no Auditorio de Galicia

Alén dos xéneros, mostra colectiva comisariada por Anxela Caramés, reúne unha selección de obras que percorren o panorama das prácticas artísticas feministas en Galicia dende os anos noventa ata a actualidade. A mostra foi realizada polo MARCO,

Museo de Arte contemporánea de Vigo –onde se inaugura en xaneiro de 2017– en coprodución co Auditorio de Galicia que acolle a itinerancia ata novembro deste ano.

A entrada é gratuita e o horario tódolos días de 10 a 14 e de 16 a 19 horas.

Montederramo celebra a Asunción e San Roque

Montederramo estará en festas os días 5, 6, 12, 13, 14, e 15 de agosto baixo a organización da Asociación de Amigos de Montederramo. O día cinco haberá ás seis da tarde un obradoiro de manualidades para nenos e pola noite festa ye-yé con DJ David. Ao día seguinte ás seis da tarde, primeira ronda do campeonato de chave. O día 12 ás catro da tarde, campeonato de subastado e dominó. Ás sete espectáculo do paiaso Tanito. Tres horas máis tarde cea no mosteiro de Santa María e entrega do premio ao abade do ano. Deseguido festa musical dirixida por DJ Tanito. O día 13 ás catro da tarde campeonato

de tute. Logo final con campeonato de chave e merenda popular. O día catorce verbena coa orquestra Alkar e o día 15 a una da tarde procesión e misa solemne de San Roque. Pola tarde xogos populares para nenos e á noite verbena amenizada por DJ David.

Montederramo tamén celebrará o día 12 de outubro unha nova edición da Festa da Carne (richada e ao caldeiro). Para achegarse á localidade desde a capital provincial, hai que percorrer 40 quilómetros a través da estrada OU-536, (Ourense - Trives). Entre os puntos quilométricos 36 e 37 atópase un acceso a Montederramo, do cal dista 5 quilómetros. A locali-



Procesión da Asunción ao mosteiro de Montederramo.

dade está comunicada mediante outros accesos con Monforte de Lemos, a través de Castro Caldelas e con A Teixeira e Parada de Sil. Tamén con Chandrea de Queixa, Manza-

neda, Maceda, Allariz e Xinzo de Limia. Dentro do Concello de Montederramo existe unha extensa rede de estradas locais e secundarias que comunica as poboacións do municipio.

Monólogo de Sergio Pazos



Oluns 14 de agosto ás 22:00 horas no claustro do mosteiro de Santa María de Montederramo, actuará Sergio Pazos co seu espectáculo "Afiando con Humor", incluído dentro da Rede de Espazos Culturais da Deputación de Ourense. A entrada é libre e gratuita.

Tapería Caseña | Viños | Bicas

988 29 20 39 / 89 – 639 51 54 06 | MONTEDERRAMO (Ourense)

Carlos Núñez en Montederramo

Ogaiteiro vigués Carlos Núñez Muñoz actuou o 29 de xullo na igrexa do mosteiro de Santa María de Montederramo como remate dunha mini xira por os mosteiros ourensáns de Santa María La Real de Oseira (Cea) e Santo Estevo de Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín).

Carlos Núñez é un estudioso incansable da música celta e está considerado mundialmente como un experto na materia. Os seus estudos buscan a orixe da música celta e a súa fusión coas músicas actuais.



Restaurante
A NOSA CASA
Desde 1972

Terrazas. Aparcadoiro.
Tfno. 988 222 227
Tfno. 610 791 813
Carroleiro, 2. Ceboliño
Ourense

Carne, peixe, marisco, caza. **Pratos de temporada.** **Lamprea**



zouma
PRODUCCIONES

* ATRACCIONES
* ORQUESTAS
* DUOS
* FOLK
* TEATRO

* PRODUCCIONES T.V
* JAZZ
* CONCIERTOS
* INFANTILES
* HUMORISTAS

Rúa do Paseo, 30 - Ofic. 7 (Edif. Viacambre)
32003 OURENSE - España
Telf. 988 24 52 02 - Fax 988 22 37 80
Móvil 629 41 33 33
www.cibaproducciones.com
E-mail: ciba@zoumarecords.com

Galicia

Redacción LUGO

Irmandade do Apóstolo Santiago en Chile

De Santiago de Compostela a Santiago de Chile. A Orde do Camiño de Santiago entregou a súa insignia e pano ao presidente e irmán maior da Irmandade de Apóstolo Santiago de Chile, Francisco Javier de Almozara Valenzuela. A Irmandade do Apóstolo Santiago de Chile está considerada pola Xunta de Galicia como un elemento crave na promoción do Camiño de Santiago neste país. Trátase dunha organización de dereito privado, civil, con inspiración católica, ecuménica e onde se respecta a todo tipo de persoas sen importar o seu sexo, condición, nacionalidade ou calquera outro tipo de discriminación negativa. Ademais, ten personalidade xurídica sen fins de lucro da República de Chile e basean as súas metas e obxectivos en dar a coñecer a figura do Apóstolo Santiago e agrupar a todos os que fixeron ou queiran facer o Camiño de Santiago e interéselles a causa Xacobeá.

500 chilenos

Buscan tamén promover a pe-

grinación ao sepulcro de Santiago en España con toda a información necesaria para iso e ademais a organización vas máis aló cando os membros da Irmandade buscan, a partir da súa profesión ou oficio, servir ás institucións de caridade que así o soliciten. A Irmandade do Apóstolo Santiago foi declarada Organización de Interese Público pola Presidencia da República de Chile e conta con membros a parte de Chile, de Arxentina, Ecuador, Bolivia, México, España e EE.UU. Estes datos demostran o gran traballo que se está levando a cabo, este último ano, xa que, segundo a oficina do peregrino da Catedral de Santiago de Compostela, realizaron o Camiño de Santiago case un total de 500 chilenos.



Emma González, Javier de Almozara Valenzuela e Alejandro Rubín.

Durante este acto de entrega da insignia, a Irmandade do Apóstolo Santiago de Chile recoñeceu o traballo realizado polo vicepresidente da Orde do Camiño, Alejandro Rubín, e pola súa directora de comunicación, Emma González, nomeándoos Caballero e Dama de Honra desta irmandade chilena.

Novos membros da Orde do Camiño de Santiago

A Fundación Orde do Camiño de Santiago celebrou o XXI capítulo ordinario, en Compostela. Tomaron parte preto de 200 participantes procedentes de diferentes comunidades españolas, e varios países: Angola, Arxentina, Ecuador, España, Inglaterra, Portugal e Venezuela, que contribuirán a potenciar os valores do Camiño cunha clara vocación de internacionalización da Orde.

Foron investidos cabaleiros o ministro de Turismo de Arxentina, Gustavo Santos; o director xeral do Instituto para a Calidade Turística Española, Fernando Frade; o presidente da Asociación de Enxeñeiros Industriais de Madrid, Fran-

cisco Cal Pardo; o presidente de Turismo dos Azores, Francisco Coelho; o xornalista especializado en gastronomía e turismo Enric Ribeira e o experto en cooperación europea e director técnico da Agrupación Territorial Chaves-Verín Pablo Rivera, entre outros, que se suman aos máis de 1.100 cabaleiros e damas que a Orde ten en máis de vinte países.

A segunda parte do programa desenvolveuse en Melide, onde a actividade principal foi no “Bosque dos Peregrinos”, propiedade da Orde. Neste lugar cada un das novas damas e cabaleiros plantaron a súa respectiva árbore, ademais de realizar unha peregrinación polo Camiño.



O acto celebrouse no Hostal dos Reis Católicos.

II Festival de Bandas Infantís e Xuvenís na Cidade da Cultura

Celebrouse na Cidade da Cultura (Santiago) o II Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia, no que un total de catorce formacións de toda a comunidade interpretaron durante vinte minutos o repertorio elixido para a ocasión. O presidente da Federación Galega de Bandas de Música Populares (FGBMP), Armando Morales, gabou esta segunda edición dun festival que, nas súas palabras, potenciará e incentivará, aínda máis, o traballo cotián destas formacións de novos músicos a favor do perfeccionamento e a divulgación musical.

O festival, que arrancou ás 10 da mañá no Museo Centro Gaiás, tivo lugar ao longo de toda unha xornada de convivencia entre os participantes, todos eles menores de 20 anos, e escollidas por sorteo entre todas as formacións



Banda Luís Costa, de Ribadavia.

federadas que se presentaron ao proxecto. As participantes deste ano foron a Banda da Escola de Música de Vilaboa, a Banda Infantil de Narón, a Banda Infantil de Rubiós, a Banda Luís Costa (Ribadavia), a Banda da Escola de Música de Valladares, a Agrupación Musical da Limia, a Banda Infantil da Artística de

Merza (Vila de Cruces), Banda de Música Infantil e Xuvenil de Antas de Ulla, Banda Xuvenil das Pontes, Banda Xuvenil de Vilaxe, Xove Banda de Valga, Banda Xuvenil da Unión Musical Ponteledesma, Sons e soños de Rábade-Begonte-Outeiro de Rei e a Banda Xuvenil da Cultural de Teo.

Manel e Triangulo de amor bizarro no Atardecer no Gaiás

Atardecer no Gaiás, o ciclo de concertos ao aire libre que os xoves, venres e sábados de xullo e agosto ten lugar na praza central da Cidade

da Cultura, en Santiago de Compostela, ten programado para o mes de agosto as actuacións de Rafa Morcego DJ+ Cine ao aire libre: Quadrophe- nia (xoves 3), o grupo pop catalán Manel (venres 4), Espanto (sábado 5), Boyanka Kostova (xoves 10), Hidroge-

nesse (venres 11), Terbutalina (sábado 12), Kikagaku Moyo (xoves 24), Nudozurdo (venres 25) e Triángulo de amor bizarro (sábado 26).

Os concertos son ás 21h., a entrada é libre e de balde, e o último bus de baixada do Gaiás é ás 22:45h.



Galegos no exterior percorren o Camiño de Santiago



Na iniciativa participarán 177 mozos e mozas da Galicia exterior de entre 14 e 30 anos.

Mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos que residen no exterior, participan no programa da Xunta "Conecta con Galicia". O primeiro tramo do Camiño partiu de Ourense. O obxectivo é fortalecer as ligazóns entre os participantes e a súa terra de orixe. Para moitos deles, trátase da primeira oportunidade de coñecer fisicamente Galicia e aos familiares que residen aquí. Na edición deste ano están a participar un total de 177 persoas, procedentes de Argentina, Uruguai, Venezuela, Cuba, Brasil, México e Chile. O programa artéllase ao redor de dúas modalidades. A primeira -

que se está desenvolvendo actualmente- consiste en actividades ao aire libre, e nela participan 157 mozos e mozas de entre 14 e 20 anos. Distribuídos por grupos de idade, compartirán con mozos e mozas residentes en Galicia as residencias e albergues xuvenís dependentes da Xunta durante o mes de xullo.

A segunda modalidade son os campos de traballo voluntario, que terán lugar entre o 18 e o 30 de agosto e dos que se beneficiarán 20 mozos e mozas da diáspora. Esta iniciativa está dirixida a participantes con idades comprendidas entre 20 e 30 anos.

Restauración da igrexa de Nogueira de Miño en Chantada

AXunta realizou en xullo tres xornadas de portas abertas para divulgar e compartir co público interesado os traballos que se teñen levado a cabo na igrexa de Santa María de Nogueira de Miño. Durante os días de visitas traballouse no conxunto das imaxes barrocas do retablo maior, podéndose observar os procesos de restauración e comentar os pormenores do traballo. As restauradoras a cargo da intervención estiveron a disposición dos asistentes para explicar o proceso de rehabilitación dos frescos, falando das capas pictóricas subxacentes que se atoparon e doutros aspectos curiosos relacionados coa plástica do templo. A actual restauración do retablo e das pinturas do presbiterio de Santa María de Nogueira concluíron a finais de xullo. Estas obras foron contratadas pola Xunta de Galicia e cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e contaron cun investimento de 52.584,23 euros.

A Consellería de Cultura e Educación leva investidos neste templo durante os últimos cinco anos preto de 130.000 euros na restauración e posta en valor deste ben sobranceiro. En concreto, actuouse na restauración das pinturas murais dos muros norte e sur, nos anos 2012 e 2014 respectivamente, e na recuperación integral da cabeceira, que inclúe as pinturas murais e o retablo, nos anos 2016 e 2017.

Mestre de Nogueira

Coas distintas actuacións, as necesidades que se pretenderon cubrir foron a restauración integral dos paramentos, rescatando a súa lectura eliminando capas de repintes e dándolle continuidade ao programa iconográfico representado polo recoñecido artista o Mestre de Nogueira; así como recuperar os retablos do inmo-



Igrexa de Santa María de Nogueira de Miño.

ble, co que se acada a restauración dos valores do ben cultural tanto nos aspectos estruturais como polícromos.

O templo constrúese baixo a xurisdición do mosteiro de San Salvador de Asma a finais do século XII e sitúase estilisticamente nun románico de transición. Posúe unha planta rectangular con ábsida cadrada e cuberta de tella a dúas augas. A ábsida ten un arco triunfal de medio punto, columnas adosadas e capiteis con decoración variada. Da súa fábrica románica chegaron ata a actualidade a nave e a devandita ábsida. No século XVIII refórmase a igrexa construíndo unha nova fachada barroca na que se inclúe o antigo rosetón e elévase a torre do campanario. O conxunto mural ocupa todos os paramentos da igrexa, e nel se trata o tema do Xuízo Final, a Resurrección, a Oración no Horto e o Prenhamento de Xesús.

Comunicado do Ceesg en relación á reorganización de centros educativos

OCeesg súmase ás reivindicacións que a comunidade educativa vén realizando nas últimas semanas, en relación á reorganización de centros educativos promovida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O decreto publicado no DOG do pasado 4 de xullo establece a fusión de dous Centros de Educación Infantil de Primaria (CEIP) en Outes, a extinción dun Centro

Público Integrado (CPI) en As Pontes de García Rodríguez, e a transformación de catro CPI en CEIP, dous deles en Ribadavia e outros tantos no Porriño. Estes cambios teñen efectos tanto no profesorado (reubicación) como no alumnado (pola necesaria reubicación, e pola existencia de alumnado con necesidades específicas de atención educativa que poden ver o seu avance truncado debido a estes cambios) e nas súas familias (polos cambios de ho-

rrarios que poden afectar á conciliación)

O escurantismo destas accións, tomadas de xeito unilateral sen consulta previa coa comunidade educativa, e coincidindo co remate do curso escolar, non fai máis que reforzar a postura de quen vemos nestas medidas un ataque ao propio ensino público.

Todas e todos temos DEREITO a unha EDUCACIÓN DE CALIDADE, e o aumento de número de nenas e nenos por aula pro-

voca precisamente o contrario. O sistema educativo actual non pasa polo seu mellor momento. Os casos de fracaso escolar, e o aumento de problemáticas sociais fan necesario tomar medidas precisamente no sentido contrario, de xeito que a administración educativa debe tomar medidas que vaian máis alá de respectar a ratio mínima establecida legalmente, procurando unha atención educativa que responda ás necesidades do alumnado. Como medida para promover unha mellora educativa, o Ceesg leva moito tempo demandando a creación de postos de educadoras/es sociais dentro do sistema educativo, algo que xa se acadou noutras comunidades autónomas, pero que Galicia segue tendo como materia pendente.

Galicia

Redacción LUGO

O Goberno local do Concello de Sober presentou a XXII Feira da Rosca, o Mel e outros produtos da Ribeira Sacra e o primeiro Túnel do Viño de Amandi que se celebrarán o venres día 11 e o sábado día 12 de agosto. Ao igual que en anos anteriores o 12 pola mañá haberá unha degustación de rosca con queixo en colaboración con Queserías Prado, de Monforte. Serviranse 2.000 racións. O día once pola noite haberá unha degustación de rosca con licor café e con mel. Na Feira van participar 4 rosqueiros, 3 produtores de mel, dous oleiros, tres queixeiros, 2 produtores de castaña e outros artesáns ata completar un total de 20 stands.

Durante toda a mañá do 12 haberá unha demostración de forxa en vivo patrocinada polo Centrad da Deputación de Lugo. Tamén pola mañá o Paporrubio fará xogos populares nunha actividade enmarcada en Cultura no Camiño do AGADIC. O día 11 pola noite haberá unha actuación de Ce Orquestra. O día 12

XXII Feira da Rosca e Túnel do Viño en Sober



A festa celebrárase na Praza do Concello de Sober.

pola mañá a nota musical correrá a cargo da Banda de Música Folk de Ribas de Sil. O día 11 pola tarde o cociñeiro do Restaurante

Merenzao de Cadeiras Javier González será o encargado dun showcooking coa rosca como protagonista.

Túnel do viño

O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, explicou que "como novidade" coincidindo coa

Feira da Rosca se vai celebrar o Primeiro Túnel do Viño de Amandi, que contará coa participación de 30 bodegas e 60 viños. O túnel suma dous sumiliers e poderán degustarse produtos de primeira da empresa Torre de Núñez, empresa colaboradora do evento. O túnel estará situado nunha carpa de 15x10 e será inaugurado o día 11 de agosto ás 11,30 horas.



SOBER 11 E 12 DE AGOSTO 2017

1º TUNEL DO AMANDI VIÑO

CONCELLO DE SOBER XUNTA DE GALICIA DEPUTACIÓN DE LUGO TORRE DE NÚÑEZ VINOSACRAIS

SOBER 11 E 12 DE AGOSTO 2017

XXII FEIRA DA ROSCA

O MEL E OUTROS PRODUTOS DA RIBEIRA SACRA

CONCELLO DE SOBER XUNTA DE GALICIA DEPUTACIÓN DE LUGO ARTESANÍA DE GALICIA QUESERÍAS PRADO, S.L. VINOSACRAIS

Sondaxes arqueolóxicas en Mondoñedo

O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez González, e a alcaldesa de Mondoñedo, Elena Candia López, veñen de asinar un convenio para realizar unha actuación arqueolóxica coa que documentar e delimitar o xacemento de Os Castros coa achega de 25.000 euros por parte da Xunta. En concreto, a intervención consistirá na realización dunha serie de sondaxes arqueolóxicas valorativas, distribuídas polos diferentes predios que conforman a zona e actuacións de difusión da intervención realizada. A finalidade é coñecer mellor e delimitar dun xeito máis preciso o xacemento arqueolóxico que permita aportar a información necesaria para axustar definitivamente á súa área de protección, e tamén, en función dos resultados obtidos, favorecer a súa futura posta en valor.

O lugar coñecido como “Os Castros”, na parroquia da Nosa Señora dos Remedios do concello lucense de Mondoñedo, localízase nun pequeno outeiro entre os ríos Cesuras e Valiñadares, ao noroeste do núcleo urbano de Mon-



Elena Candia con Román Rodríguez.

doñedo, desde onde se divisa practicamente toda a vila e cuxos terreos están dedicados na actualidade a hortas, praderías e parcelas con arboredo e maleza. Este lugar, identificado como castro da Idade do Ferro no inventario de xacementos arqueolóxicos depositado na Consellería de Cultura, atópase incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, dado que forma parte do catálogo de bens culturais do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Mondoñedo.

A historia das investigacións sobre este lugar redúcense á inclusión do mesmo en diversos catálogos xa desde o século XIX, sin constancia de que se teñan levado a cabo ningún tipo de intervención arqueolóxica nel. As súas características topográficas, nun outeiro que presenta varios socos e desde o cal se ten un control visual de todo o val de Mondoñedo, con intervisibilidade con outros castros da contorna, fai que sexa, a priori unha localización factible para un castro da Idade do Ferro.

A Xunta investirá na Catedral de Mondoñedo máis dun millón de euros

O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, participou en Mondoñedo nos actos conmemorativos do segundo aniversario da declaración dos Camiños do Norte como Patrimonio Universal da UNESCO. No desenvolvemento do mesmo, realizouse unha andaina polo propio Camiño, desde Fonte Vella de Álvaro Cunqueiro a catedral de Nosa Señora da Asunción. Como colofón, descubriuse unha placa conmemorativa deste fito na propia sede mindoniense.

Rodríguez fixo fincapé na importancia da incorporación da Catedral de Mondoñedo á Lista do Patrimonio Mundial, “ao considerala como ben inmovible integrante do territorio do Camiño de Santiago”, e referiuse ao compromiso da Xunta na salvagarda deste ben. En concreto, o conselleiro explicou que o seu departamento ten previsto investir entre este e o vindeiro ano máis de un millón de euros no conxunto catedralicio, logo de terse realizado xa todos os estudos previos para determinar as problemáticas patrimoniais do ben. Finalmente, o conselleiro explicou que, “aínda que a catedral é o eixo que vertebra a fisionomía desta vila, desde a Consellería colaboramos noutras actuacións que contribuírán a mellorar a atracción cultural que Mondoñedo esporta”, e referiuse en concreto

a dous proxectos de futuro como son a musealización da casa natal do grande Álvaro Cunqueiro e as actuacións no xacemento arqueolóxico dos Castros.

Neste momento hai dous proxectos no templo mindoniense. Por unha banda, o de conservación e restauración da catedral, que conta cun orzamento inicial de máis de 880.000 euros, do que actualmente se están a elaborar os pregos para a licitación da obra, e por outro, o proxecto básico e de execución da restauración da Casa dos Cóengos, cun orzamento de máis de 350.000 euros, e do que se vén de abrir hoxe mesmo o sobre C da licitación da obra. Ambas as dúas obras están cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e comezarán este mesmo ano.

No caso da catedral, o ámbito de actuación é a cuberta da catedral e do claustro así como de maneira puntual en paramentos exteriores da nave da igrexa e obras puntuais de mantemento e conservación das fachadas oeste e norte. Pola súa banda, o obxectivo da intervención na Casa dos Cóengos é garantir o mantemento e conservación do edificio, evitar o seu deterioro e corrixir as diversas patoloxías da súa estrutura co fin de acondicionalo para a convivencia de usos propiamente diocesanos e públicos.

Festival 17 Graos en Ribeira Sacra

Desde o miradoiro de Santiorxo, entre as provincias de Ourense e Lugo, o cantautor coruñés Néstor Pardo deu comezo á primeira edición do “Festival 17 Graos Ribeira Sacra”. Este festival pretende ofrecer aos público espectáculos musicais e fomentar o enoturismo e a gastronomía. Do mesmo xeito, escolléronse para os diversos concertos distintas horas e lugares co fin de crear itinerarios culturais nos que os artistas compartan protagonismo coas paisaxes da Ribeira Sacra. O compositor e cantante de rock alternativo Anxo Stanich, natural de Santander e afincado en Madrid, actuou tamén en Sober. A adega Regina Viarum foi escenario dun concerto da banda Os Amigos dos Músicos. A cantante Virginia Mestre ofreceu un concerto nun catamarán do club náutico de Ponte de Paradela (Castro Caldelas) tamén cha-



Concerto de Néstor Pardo no miradoiro de Santiorxo, en Sober.

mado de Doade, pero pertencente ao municipio de Monforte. A banda escocesa The Wellgreen actuou en Adega Algueira, en Sober. O grupo de jazz Sumrrá actuou na parroquia soberina de San Xillao de Lobios.

A adega Regina Viarum acolleu outro concerto, neste caso do músico estadounidense M. Ward. Na chaira do Parador de

Monforte -con espazo gastronómico-, actuaron o grupo inglés The Magic Numbers e os galegos Iván Ferreiro, Novidades Carminha e As Árbores. Virginia Mestre ofreceu outro concerto no club náutico de Ponte de Paradela. A última actuación do festival correu a cargo da banda tudense Best Boy na adega Regina Viarum.



Participaron a alcaldesa de Mondoñedo, Elena Candia, o deán da diocese de Mondoñedo-Ferrol, Pedro Díaz.

Educación impulsa a investigación no Campus da Auga

O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, acompañado do reitor da Universidade de Vigo (UVigo), Salustiano Mato, e do alcalde de Ourense, Jesús Vázquez Abad, visitou as obras que se están executando no novo edificio do Campus da Auga de Ourense, ao que definiu como “o motor científico da cidade”. Trátase dunha actuación na que se investiron 4,4 millóns de euros e, tendo en conta o bo ritmo das obras, a previsión pasa por rematalas en novembro do 2017. Trala súa finalización, procederase á dotación de mobiliario tanto de oficina como de laboratorio, polo que se prevé que o edificio poida estar plenamente funcional xa no primeiro semestre de 2018.

O conselleiro resaltou o forte compromiso do seu de-

partamento co Campus de Ourense, tanto desde o punto de vista de dotación de infraestruturas como de mellora das súas unidades de investigación máis excelentes. Deste xeito, avanzou a próxima sinatura dun convenio de colaboración coa UVigo para o impulso eficiente das estruturas de investigación, dotado con 3,6 millóns de euros para distintas accións vinculadas coa oferta educativa neste campus.

En definitiva, e entre o novo edificio e este vindeiro convenio, as achegas da Consellería de Educación para impulsar o Campus da Auga ascende a 8 millóns de euros.

O Campus da Auga foi o primeiro en emprender a liña de especialización fóra dos campus centrais do SUG, servindo así de referencia para as ac-

tuais iniciativas en marcha, como son o Campus Terra en Lugo ou o Campus Industrial en Ferrol.

Especialización

O novo edificio será destinado, primordialmente, a usos de investigación, se ben tamén albergará a sede institucional do Campus da Auga. O proxecto susténtase en cinco liñas de orientación estratéxica: educación, investigación, transferencia de tecnoloxía e coñecemento, internacionalización e financiamento sostible. Estas liñas estrutúranse en seis áreas de especialización, que son a alimentación, a xestión do recurso da auga, a innovación social e educativa, o medio, as tecnoloxías da información e a comunicación, así como o turismo e o patrimonio cultural.



Visita ás obras do novo edificio no que a Xunta mobilizou 4,4 millóns de euros.

A Festa da Palabra homenaxeou no Carballiño a Carlos Casares



A VIII Festa da Palabra celebrouse na Insua dos Poetas

A VIII edición da Festa da Palabra rendeuulle homenaxe a Carlos Casares na Insua dos Poetas, no Carballiño. A cita, xa consolidada na axenda cultura do verán en Galicia, recorda neste 2017 a figura do homenaxeado co Día das Letras Galegas. Sobre o escritor ourensán, Román Rodríguez conselleiro de Cultura, salientou “o importante traballo que Casares fixo ao longo da súa vida para o fomento do libro e a lectura en Galicia” e destacou que, como intelectual, escritor e axente cultural, é “un dos artífices desta Galicia que pode asumir os retos do século XXI”.

Por outra banda, e referíndose ao propio espazo físico no que se desenvolve o acto, o conselleiro congratulouse do feito de que a Festa da Palabra se celebre na Insua dos Poetas, un lugar no que a literatura dialoga coas artes plásticas e no que a homenaxe a escritores se converte tamén en recoñecemento ao traballo e creación dos máis relevantes escultores contemporáneos da nosa terra, cuxa obra convive coa natureza neste espazo situado na parroquia de Madarnás. Neste sentido Román Rodríguez

felicitou á Fundación polo seu bo facer e contribución ao enriquecemento da nosa lingua e cultura, cualificando a Insua dos Poetas como “un territorio cultural de primeira magnitude.”

No decorrer do acto entregáronse os premios Setecarballas da Insua dos Poetas, que este ano recaeron en Antón Pulido, en Miguel Anxo Fernán-Vello, o Centro Partido do Carballiño en Bos Aires, a plataforma Ríos Limpos, Carlos Guitián, o Diario Cultural da Radio Galega e o grupo de teatro Tiruleque. Do mesmo xeito, deuse a coñecer a nova homenaxe escultórica coa que contará a partir de hoxe Carlos Casares neste espazo cultural. Trátase dunha creación plástica do artista Manuel Buciños que leva o título dunha das obras máis coñecidas de Carlos Casares, Vento Ferido.

Desde 2009 a Festa da Palabra homenaxeou as figuras de Ramón Piñeiro (2009), Arturo Baltar (2010), Xosé María Díaz Castro (2011), Celso Emilio Ferreiro (2012), os poetas do Rexurdimento (2013), Eduardo Blanco Amor (2014), Francisco Luís Bernárdez (2015) e Pura e Dora Vázquez (2016).

Profesores escolapios coñeceron en Celanova as orixes do fundador da Orde Calasancia



O profesorado calasancio no mosteiro de Celanova.

Un total de 65 docentes que desenvolven o seu labor educativo en catroce colexios da Orde Calasancia repartidos por toda España e que estiveron formándose durante o mes de xullo en Galicia na pedagogía calasancia, desprazáronse a Celanova. Nesta vila coñeceron as orixes xeográficas do fundador da orde, o que fora monxe das Escolas Pías e posteriormente fundador da orde Calasancia, Faustino Míguez, quen será santificado polo Papa Francisco, nunha cerimonia que terá lugar o próximo día 15 de outubro no Vaticano.

Despois de ter sido beatificado no ano 1998 e de serlle dedicada unha rúa en Celanova, o anuncio da súa santificación ten xerado un incremento do interese por coñecer o lugar de nacemento do futuro santo, que tivo lugar no ano 1931 na aldea de Xamirás, antigo municipio de Acebedo do Río, hoxe integrado no termo municipal de Celanova.

O monxe escolapio exerceu o monacato en diversos cenobios nos que estivo asentada a orde das Escolas Pías, entre eles o de Celanova e chegou a ser rector do colexio de Monforte, seguindo os

postulados formativos de San José de Calasanz. Fundou a orde das Calasancias para a formación feminina, orde que hoxe en día conta cun gran número de centros escolares en toda España.

É coñecida tamén a súa paixón pola botánica e o estudo terapéutico das plantas, gracias ó cal acabou creando diversas patentes farmacolóxicas que aínda na actualidade son comercializadas dende a sede central da orde das Calasancias, que se atopa situada en Getafe, onde faleceu no ano 1925 e onde se conserva o seu corpo incorrupto.

Celanova e Santo Tirso (Portugal), 25 anos de irmanamento

Unha delegación do Concello de Celanova participou no "Encontro de Cidades Hermanadas" que, coincidindo coa festividade de San Benito, organizou a Cámara municipal de Santo Tirso (Portugal). Os mandatarios celanovenses buscaron apoios para a declaración xacobeá do camiño de San Rosendo. O itinerario que une Braga con Compostela a través de Celanova e Ourense (onde enlaza coa Vía de Prata), será obxecto de estudo e posta en valor próxima-mente dentro dunhas xornadas que está a organizar o Concello "e nas que queremos contar con Santo Tirso", sinalou o alcalde José Luis Ferro.

Desde hai 25 anos os dous municipios están unidos pola figura de San Rosendo (que naceu en Portugal pero que fixo de Celanova o seu fogar),

para fomentar os lazos culturais e as relacións entre os seus conveciños. María do Ceo Silva, responsable cultura da Cámara Municipal sinala que "son moi frecuentes as excursións dos nosos veciños a Celanova, sobre todo desde a freguesía de San Miguel do Couto onde as crónicas din que naceu San Rosendo".

Con motivo do aniversario inaugurouse en Santo Tirso a exposición "Rudesindus" de José Antonio Ocaña Martínez. A mostra, que de forma permanente pódese visitar na Torre das Campás de Celanova, trasladouse estes días ata a "Quinta de Fora" do mosteiro de San Vento. Un grupo de mozos da Escola Banda de Música de Celanova formou parte da gran Orquestra Intercomunitarias, (con músicos de Portugal, Francia e España) que actuou en Santo Tirso.



Concerto da Orquestra Intercomunitarias.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

Galicia

Redacción A CORUÑA

A Coruña suma dúas novas liñas de axuda á programación musical e escénica da cidade

O concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, presentou este venres os Plans de apoio a axentes culturais de proximidade I e II, dúas convocatorias de subvencións en concorrencia competitiva dirixidas, por unha banda, a salas de artes escénicas e musicais da cidade de titularidade privada e, por outra, a salas destas mesmas características de entidades sen ánimo de lucro. A súa finalidade, apoiar e fomentar a realización de ciclos de actuacións de artes escénicas -actividades teatrais ou de danza- ou musicais en espazos con licenza para tales actividades e cun aforo igual ou menor a 500 persoas, "nese propósito de apoiar e dar respaldo á intensa actividade cultural da cidade, a través de procesos de concorrencia competitiva que sirvan para garantir a igualdade de oportunidades e ordenar a concesión desta clase de axudas mediante procesos máis xustos, equilibrados e igualitarios", sinalou o responsable municipal. Neste sentido, Sande deu conta do conxunto de plans de apoio, "inéditos neste Concello", postos en marcha desde a Conce-

llería de Culturas neste exercicio, que suman 1,3 millóns de euros de investimento e que abranguen tanto o ámbito deportivo -a través da convocatoria Activa o Deporte, dirixida a regular a relación entre o Concello coruñés e o tecido deportivo local e organizar de forma conxunta o calendario de eventos deportivos do ano- como o cultural, co Plan de Apoio a Entidades de Arraigo -destinado a agrupacións musicais e culturais tradicionais-, Facemos Comunidade -convocatoria vinculada á organización das festas dos barrios por parte das entidades veciñais-, Cultura de Barrio -centrada nas actividades culturais e socio-comunitarias nos barrios- e o recente Plan de Apoio a Festivais Audiovisuais, presentado esta mesma semana, aos que seguirán nos vindeiros meses novas axudas á creación local.

No caso dos dous novos Plans de apoio a axentes culturais de proximidade, os requisitos que se estipulan para optar a estas axudas para salas -que terán que estar validamente constituídas e deberán ter a súa sede social ou delegación no termo municipal- pasan por que estas inclúan un

mínimo de 4 días de programación e 4 actuacións artísticas de diferentes formacións e, así mesmo, por que a proposta de programación contemple un mínimo do 30% de actuacións en lingua galega, ou ben de creadores e creadoras locais. A programación deberá celebrarse ademais entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro deste 2017. Como sinalou durante a rolda o concelleiro, a solicitude de subvención poderá realizarse no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación das convocatorias no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

En canto aos criterios de valoración, como puxo de relevo o responsable municipal, a avaliación terá en conta a traxectoria da sala, a súa antigüidade e o volume de programación do ano pasado, así como a calidade da proposta artística, en atención ao grao de especialización e diferenciación respecto doutros espazos, o carácter innovador e a presenza de creación local e novos creadores e creadoras. Do mesmo xeito, puntuarase a contribución á creación local e en lingua galega, así como a ampli-



O concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande

tude da programación e a súa capacidade para crear novos públicos, en especial á mocidade e a público escolar, a través de actividades complementarias. A difusión de valores de igualdade de xénero, respecto á diversidade cultural, inclusión social e conservación do medio tamén será tida en conta na valoración, como tamén o uso do galego na presentación, realización e difusión do ciclo ou da programación artística.

As convocatorias, que contan cada unha delas cun orzamento de 30.000 euros, contemplan subvencións de ata 15.000 euros, para as salas de teatro e/ou danza con espazo para un máximo de 500 persoas. No caso de recintos privados, a cantidade suporá ata o 75% do custe total da

programación, mentres que no caso de entidades sen ánimo de lucro acadará o 100%. No relativo ás salas de música, a convocatoria dirixida a espazos privados establece un máximo de 8.500 euros (un 75% do custo total da programación) para espazos con aforo de ata 120 persoas, ata 5.000 (un 60% do custo) nas salas de entre 120 e 350 persoas e de 3.000 (50% do custo) nas de aforo superior a 350 e igual ou inferior a 500. Pola súa banda, a liña de axudas dirixida a entidades sen ánimo de lucro, marca un máximo de 15.000 euros (75% do custo da programación) para espazos de ata 120 persoas; de ata 9.000 (60% do custo) para recintos de entre 120 e 350 persoas, e de 6.000 (50% do custo) para salas de entre 350 e 500.

Durante os 10 días de celebración da Feira do Libro nos Xardíns de Méndez Núñez, ademais das actividades, presentacións e firmas que organiza a Federación de Libreiros, tamén haberá unha carpa propia das librerías coruñesas na que todos os días se presentarán actividades e obras, primando especialmente, aos e ás creadoras locais. Os comercios colaboradores son Santos Ochoa, Sueños de Papel, Metrópolis, Xiada, Ancora, Lume, Couceiro, Faro de los Tres Mundos, Alita, Berbiriana, Formatos, Cascanueces e Arenas. Como exemplo de actividades destaca a denominada Brincadeira de Ilustradores e Ilustradoras, que terá lugar o 5 de agosto, en horario de 12.00 a 14.00 horas e durante a tarde, na que se fará unha especial homenaxe aos e ás autoras de ilustración da cidade. Non obstante, e tal como explicou Sande, o groso das actividades, nas que se englobarán tanto presentacións de libros como talleres

A Coruña acolle desde o 1 de agosto a XLVI Feira do Libro



para adultos e charlas e coloquios de carácter literario, terá lugar todos os días de duración da Feira do Libro entre 20.00 e 22.00 horas. As actividades desenvolvidas polas librerías coruñesas publicitaranse, ademais, por medio das redes sociais (<https://twitter.com/librariascoruna>) e

<https://www.facebook.com/librariasdacoruna>).

Á marxe, a Feira tamén contará co espazo denominado Xardín dos Libros, que ofertará actividades de corte infantil e para todos os públicos especificamente deseñadas para estimular a presenza de menores na Feira do Libro, "así como ser non

só espazo de tránsito, senón tamén de estadía e contacto cos libros, incluíndo visitas guiadas ás casetas e todo tipo de actividades escénicas e musicais".

Na rolda de prensa de presentación da Feira do Libro 2017 o concelleiro José Manuel Sande estivo acompañado polo coordinador da área de Cultura da Xunta de

Galicia na Coruña, Jesús Espada, da vicepresidencia da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín, e o vicepresidente da Federación de Librerías de Galicia, Xosé Antón Pedreira. Este último, destacou o feito de que "tras unha época de crise especialmente forte, o sector do libro e da librería está volvendo a recunchar". Así, destacou o feito de que este ano a Feira aumenta o seu número de casetas até as 37 e continúa a ser a máis grande de toda Galicia. Sanmartín destacou o apoio que, ao igual que o Concello, a Deputación da Coruña tamén presta a este evento. "É necesario facer un esforzo porque as librerías se fagan máis visibles", dixo, á vez que recordou a figura das e dos históricos libeiros da cidade, como é o caso de José María Eirís, asasinado en 1937 no Campo da Rata e vítima da represión franquista. Pola súa banda, Espada, destacou o apoio do Goberno autonómico as distintas feiras do libro de Galicia como "fórmula de difusión do libro".

Ribadavia celebra o 25 e 26 de agosto a Festa da Istoria

A Coordinadora da Festa da Istoria, que preside Miguel García Domínguez, avanzou varias iniciativas para esta edición. Celebrarase os días 25 e 26 de agosto e xa está a venta as entradas para o xantar medieval (a

rarse polos catro custados da vila, ao abrigo no seu celebre barrio xudeu, coas súas sólidas casas de pedra, os seus soportais e o castelo dos Sarmiento onde ten lugar o mercado, o baile, a cea e o teatro.

Actividades

As principais actividades da "Festa da Istoria" son as seguintes. Bando. Un pregoeiro anuncia o comezo da Festa coa lectura do pregón á primeira hora do día. Desfile. Todos os asistentes que así o desexen desfilan pola rúa principal vestidos de época. Maravedies e Banco da Alhóndiga. O banco funciona desde primeira hora da mañá, nela cambiaranse os euros por Maravedies, moeda oficial da festa e imprescindibles para realizar calquera compra durante os festexos. Xadrez Humano. Representación de tres partidas de xadrez con pezas viventes vestidas de época. Voda Xudía. Reconstrución dunha voda xudía tradicional organi-



Unha escena da edición anterior.

zada polo Centro de Estudos Medievais. Baile Medieval. Baile acompañado de grupos de música. Cetrería. Demostracións desta arte dentro do recinto do castelo. Tiro con arco e torneo medieval. Os mellores porteiros de Galicia danse cita en Ribadavia para competir con utensilios de época. Música e Teatro. Re-



presentacións de obras de temática medieval. Cea Medieval. Último acto da festa, único de pago, que se celebra dentro do recinto do castelo, e ao que é obrigatorio asistir en traxe de época. A Festa, desaparecida no ano 1600, foi recuperada en 1989. Está declarada de Interese Turístico Nacional.



Miguel García Domínguez, presidente da Coordinadora.

38 euros). O cartaz que anuncia a celebración é un traballo de Javier Antonio Marinas, de Asturias. Acaba de formarse una banda de gaitas da Istoria para actuar este ano. Haberá concursos de pintura durante os dous días.

A Festa da Istoria recrea á perfección durante una xornada cómo era a vida no medievo utilizando para iso o barrio xudeu. Trátase dunha celebración na que todos participan a través das vestimentas antigas e na que se introducen aspectos da vida medieval e tradicional que nos nosos días caeron en desuso. Unha festa excepcional que amosa a historia da vila, a súa moeda (o maravedí) e as súas formas de vida ancestrais. A colaboración dos veciños é determinante para conseguir reproducir, con bastante exactitude, a vida da Idade Media cos seus mercados, artesanía e actuacións na rúa. O ambiente medieval respí-



**Mudanzas
exclusivas para Vd.**

**Elevadores
de muebles
hasta 8 pisos.**

988 224 949 – 609 84 32 03
info@mudanzasjoseluis.es
www.mudanzasjoseluis.es



Galicia

Redacción

Clausura dos XXX Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras”

“Hai quen ve as linguas e o patrimonio cultural como algo que hai que conservar como nos museos, pensando no que perdemos, pero hai outra maneira de pensar: que as linguas son proxectos de futuro, que se transforman e se enriquecen, e que temos que construír todos os días. Os galegos e os

é a volta. Marchades e sentímonos como o pai e a nai que teñen saudade dos fillos que marchan, pero que tamén senten alegría de saber que axudarán a construír o mundo desde o que nós lles transmitimos. Unha parte de nós vaise polo mundo e volverá, porque estamos convencidos de que ides volver a nós. Levades un

cia e investigación”. Salientou ademais o “grande éxito” do programa, “tanto pola súa demanda, que supera con amplitude as posibilidades da oferta, como pola diversidade de perfís humanos que atrae, persoas chegadas de lugares máis ou menos afastados de nós en canto á distancia e porén próximas á nosa paisaxe humana e afectiva”.

O codirector dos cursos e membro de número da RAG Xosé Luís Regueira foi un dos profesores daquela primeira edición de 1988. Tres décadas despois, pode dicir que foi unha das súas “melhores experiencias como docente” polo propio perfil do alumnado que sempre atrae.

O secretario do ILG, Francisco Dubert, incidiu tamén na importancia destes cursos para a proxección internacional do galego, xa que moitos dos seus estudantes son quen despois imparten clases de lingua e literatura galegas no exterior ou traducen



Un momento do concerto conmemorativo dos trinta anos dos cursos, a cargo da soprano Miho Haga e a pianista Yukiko Yamagami.



Na mesa, pola esquerda, Francisco Dubert, Víctor F. Freixanes, Juan Viaño, Valentín García e Xosé Luís Regueira.

que, coma vós, sodes galegos porque queredes, e iso é impagable”. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, dedicoulles hoxe estas palabras ao alumnado dos Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras” na clausura da trixésima edición, celebrada no Paraninfo da USC. O acto rematou cun concerto conmemorativo no que soaron poemas de Rosalía ou Cabanillas a cargo de dúas intérpretes niponas, Miho Haga e Yukiko Yamagami, presentadas polo profesor Takekazu Asaka, no seu día estudante destes cursos e hoxe embaixador da cultura galega en Xapón e académico correspondente da RAG.

“O máis bonito destes cursos

anaquiño de nós convosco e queda outro de vós aquí”, expresou con afecto o presidente da Academia.

A Real Academia Galega organiza coa colaboración do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela estes cursos, que contan co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Deputación da Coruña. O reitor da USC, Juan Viaño, recordou os momentos da posta en marcha desta iniciativa, no ano 1988, cando os seus promotores foron auténticos “pioneiros e pioneiras, visionarios e visionarias, da importancia que para a nosa lingua ten o feito de estar presente en espazos internacionais de docen-



o alumnado posa co profesorado e representantes das institucións que colaboran nos cursos. Á dereita da imaxe, na primeira fila, o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes.

Homenaxe a Luz Pozo no seu 95 aniversario

A palabra de Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922) e a música, tan presente tamén na súa vida e na súa obra, brillaron na homenaxe que lle rendeu a Real Academia Galega co gallo do seu 95 aniversario. A decana dos poetas galegos en activo, que leva oito décadas creando versos, ingresou en 1950 na RAG como correspondente e é desde 1996 membro de número. “Autenticidade, elegancia e beleza” foron as tres palabras escollidas

polo presidente da institución, Víctor F. Freixanes, para retratala na apertura do acto.

Luz Pozo Garza pertence á chamada Promoción de Enlace entre a xeración do 36 e os poetas da primeira posguerra. Empezou a publicar poemas sendo aínda moi nova, en Las Riberas de Eo, e en 1949 publicou o seu primeiro libro, Ánfora. Tres anos despois, en 1952, saíu do prelo o primeiro escrito en galego, O paxaro na boca, cun erotismo feminino inédito na escena

galega do momento e co que colleitou de novo excelentes críticas. Instalada definitivamente na lingua do país desde mediados dos 70, o seu último libro ata o momento é Rosa tántrica (2016) e segue a traballar nun novo título, Pazo de Tor. Ademais dos dezaseis libros de poemas que leva publicados, cómpre destacar o seu labor como impulsora da poesía creando e dirixindo as revistas Nordés e Clave Orión, a súa importante achega crítica, que inclúe os libros



Luz Pozo dirixese ao público que ateigou o salón de actos da RAG. Autor: Xosé Castro/RAG

que dedicou a Luís Pimentel e Álvaro Cunqueiro, e o seu maxisterio

como catedrática de literatura no ensino secundario.

A Real Academia Galega nítrese de novas perspectivas e avanza na incorporación das mulleres

O vindeiro 23 de setembro Chus Pato lerá o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega como membro de número nunha cerimonia que se celebrará no IES Ramón Otero Pedrayo de Ourense, do que foi alumna. A de Chus Pato (Ourense, 1955) é unha das poéticas máis vangardistas e persoais da literatura contemporánea desde os anos 80 do século pasado, recoñecida en Galicia e internacionalmente. A autora posúe unha voz renovadora e rupturista cun marcado compromiso ético coa condición feminina e co país.

Máis adiante, será a quenda de Marina Mayoral (Mondoñedo, 1942), autora dunha destacada obra sobre Rosalía de Castro, catedrática xubilada da Universidade Complutense de Madrid, novelista e columnista premiada, que como investigadora levou o nome da escritora fundacional das letras galegas a tribunas académicas de todo o mundo, elixida membro de honra no Pleno do pasado 17 de xuño, no que tamén foron nomeados sete novos membros correspondentes: Takekazu Asaka (Toquio, 1952), profesor de Filoloxía Románica da Universidade de Tsudajuku, autor da primeira gramática galega para xaponeses e tradutor ao xaponés de Rosalía e outros autores das nosas letras, e un auténtico embaixador cultural de Galicia no seu país, Marcos Bago (Cataguases – Brasil, 1961) profesor da Universidade

de Sao Paulo, un dos lingüistas máis coñecidos do Brasil, tradutor e escritor, defensor dunha nova visión do portugués, en que subliña a súa orixe galega, e unha figura de referencia no mundo lusófono no tocante aos debates sobre a norma, a corrección e os prexuízos lingüísticos, Olga Castro (Lugo, 1980), profesora de estudos de tradución da Universidade de Aston (Birmingham) e especialista na interacción entre xénero, linguaxe e tradución, Helena González (Vigo, 1967) é profesora titular de lingua galega e directora do Centre de recerca ADHUC-Teoria, Gènere, Sexualitat da Universidade de Barcelona. As súas liñas de investigación céntranse na crítica literaria feminista, a cultura popular, a literatura galega contemporánea e mais nas relacións culturais entre Galicia e Cataluña, Kirsty Hooper (Watford, Hertfordshire, 1975) é profesora e xefa de Estudos Hispánicos da Universidade de Warwick (Coventry, Reino Unido), onde é tamén directora de comunicación da Escola de Linguas Modernas e Culturas e de Investigación para Estudos Hispánicos, Helena Villar Janeiro (Becerra, 1940) unha das figuras destacadas da cultura galega tanto pola súa dedicación á literatura como ao ensino: foi unha das escritoras pioneiras da literatura infantil en galego, e Helena Zernova (San Petersburgo, 1951) é doutora en Filoloxía Es-



Chus Pato



Helena González



Helena Villar Janeiro



Helena Zernova



Kirsty Hooper



Marcos Bago



Marina Mayoral



Olga Castro



Takekazu Asaka

pañola pola Universidade Estatal de San Petersburgo, creou o Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo e, en 2000, o de Estudos Cataláns

e é editora da Antoloxía da literatura galega (edición bilingüe galego-ruso).

A Academia nítrese así con novas perspectivas desde distin-

tos eidos do mundo da lingua e da cultura, e avanza tamén na necesaria e enriquecedora incorporación das mulleres á vida da institución.

Manifestación anti-touradas en Pontevedra

O colectivo abolicionista Touradas fóra de Pontevedra convoca unha manifestación baixo o lema "Abolición Xa!" e que terá lugar en Pontevedra o sábado 12 de agosto con saída ás 20h desde a Praza da Peregrina, lugar onde tamén rematará.

É o oitavo ano consecutivo que Touradas fóra de Pontevedra organiza a principal mobilización contra as touradas que se realiza en Pontevedra, recollendo o testemuño de anteriores entidades abolicionistas con presenza regular na cidade desde 2007.

No acto de presentación Vicky

